

CIRCULAR 70/2016

- A todas as Delegacións (*)

- A tódolos membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

XXVIII CAMPIONATO DE GALICIA DE MARCHA DE INVERNO

A Pobra, 26 de novembro do 2016

Art.1). A delegación da FGA en Santiago, a A.D. Barbanza e o Concello de A Pobra, organizan o día 26 de novembro do 2016 nas pistas de atletismo de A Pobra o XXVIII Campionato de Galicia de Marcha de inverno.

Art.2). Podrán intervenir todos aqueles atletas que o desexen e que se atopen en calqueira das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado durante a tempada actual (2016/17) por algún Club pertencente a Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubes doutras CCAA.
3. Atletas non galegos ou extranxeiros* convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

**Segundo acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos Galegos.*

Art.3). As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA <https://isis.rfea.es/sirfea2/> ata ás 20:00h do martes día 22 de novembro.

Art.4). Os atletas deberán confirmala súa participación ata 45 minutos antes do comezo da súa proba, segundo o horario sinalado. Unha vez concluído este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.5). Os tres primeiros atletas clasificados das categorías: benxamin, alevín, infantil, cadete, xuvenil, junior, promesa e veteráns recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir o protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega das medallas. Asemade, entregaranse medalla aos tres primeiros atletas da clasificación absoluta na proba dos 5 km.

Art.6). Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante e por detrás, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art.7). Os atletas deberán pasar por cámara de chamadas 15 minutos antes da saída da súa proba. A saída à pista terá que ser realizada ca camiseta xa posta



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



Art.8). O horario e distancias do campionato é o seguinte:

| | | |
|-------------|-------------------------------|----------|
| 11:00 HORAS | 1.000 Benxamín | H-M |
| 11:15 HORAS | 2.000 Alevín | H-M |
| 11:35 HORAS | 3.000 Infantil | H-M |
| 12.00 HORAS | 3.000 Cadete | M |
| 12.25 HORAS | 5 000 Cad/Xv/Jn /Pr /Sen /Vet | Homes |
| 13.05 HORAS | 5 000 Xv/Jn /Pr /Sen /Vet | Mulleres |

* O horario pode modificarse en función dos inscritos

A proba de 5.000 considerase absoluta, polo que non se aplicará o Pit lane ós atletas cadetes, xuveniles e junior, que podan optar ó título de Campeón de Galicia Absoluto. Nas vindeiras datas publicarase a normativa de aplicación do Pit Lane nas competicións da comunidade galega.

Art.9). A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fgatletismo.com) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexa inscribir o atleta, podendo ser esta denegada.

Art.10). Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase, de acordo coas normas da, FGA, da RFEA e da I.A.A.F por este orden.

A Coruña, 19 de outubro do 2016
Víctor Arufe Giraldez
Secretario Xeral Federación Galega Atletismo